Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 18 Maio 2011 21:35



Novos correctores, tradución automática en liña, recursos para nenos, e galego no teu móbil, son algúns das novidades e conferencias que incluirá a Xornada Letras Galegas e Internet. A Secretaría Xeral de Política Lingüística é a encargada da organización. O evento terá lugar en Santiago de Compostela esteo xoves 19 de maio. Tamén colaboran a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Secretaría Xeral de Medios. As xornadas poderán ser seguidas na súa totalidade por internet, dende as 10:30 ás 13:30. Os recursos lingüísticos que se presentan na xornada son" aplicacións nas que a secretaría xeral está a colaborar para contribuír á calidade da lingua e ao seu prestixio social, que lle ofrecerán á cidadanía novas oportunidades para sentirse máis segura traballando e comunicándose en galego no lecer e nas relacións a distancia.", informan dende a Xunta de Galicia.

"A coincidencia no 17 de maio da celebración do Día das Letras Galegas e do Día de Internet constitúe unha boa oportunidade para facer dialogar estes dous elementos decisivos hoxe para o futuro dos galegos e das galegas" argumentan os organizadores.

Programa da Xornada Letras Galegas e Internet.

10:30 Inauguración

Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

Anxo Lorenzo, secretario xeral de Política Lingüística

Francisco López, director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos

10:40 Novidades nas tecnoloxías da fala. Mesa 1:

BuscaTermos

Xusto Rodríguez (Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela)

Novo corrector Galgo

José R. Pichel (Imaxin)

Tradución automática en liña

Liliana Martínez (Termigal)

11:10 Novidades nas tecnoloxías da fala. Mesa 2:

Dicionario de pronuncia da lingua galega locutado

Xosé Luís Regueira (Instituto da Lingua Galega)

Digalego

Bieito Ledo (Ir Indo)

11:30 Aprendizaxe do galego en liña

Xoán Rivas (Secretaría Xeral de Política Lingüística)

11:40 Recursos para a etapa infantil en internet

Beatriz G. Turnes (Secretaría Xeral de Política Lingüística)

11:50 Pausa-café

12:20 Novos programas informáticos en galego:

Proxectos de software libre

Antón Méixome (LibreOffice)

Cristina Gomis (Asociación de Empresas Galegas de Software Libre)

Novos recursos de software propietario

Óscar Senra (Imaxin)

12:50 O teu móbil en galego

Cristina Rubal (Secretaría Xeral de Política Lingüística)

13:00 Recursos audiovisuais na rede

Manuel Gago (Consello da Cultura Galega)

13:10 Novos títulos en galego en libro electrónico

Anxela Chillón (Editorial Galaxia)

13:20 Un novo pulo para o dominio .gal

Camilo Regueiro (Asociación .gal)

13:30 Clausura

Xesús Vázquez, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Alfonso Cabaleiro, secretario xeral de Medios

Anxo Lorenzo, secretario xeral de Política Lingüística

Para seguir en vivo a xornada preme aquí.